



C O N C E L L O  
D E  
S A D A  
(A C O R U Ñ A)

## DECRETO.

*Asunto: Modificación da data e lugar de celebración do 1º exercicio do proceso selectivo do posto de Técnico de Orientación Laboral PS 9-19*

Considerando que polo Decreto da Alcaldía núm.414/2019, do 8 de marzo, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas para tomar parte no proceso selectivo para a contratación laboral temporal, baixo a modalidade de contrato de duración determinada na modalidade de obra ou servizo a tempo completo, mediante o sistema de concurso-oposición en quenda libre de un (1) posto de Técnico/a de Orientación laboral. Na dita resolución prevíase a constitución do tribunal e celebración do 1º exercicio o día 13-3-2019.

Resultando que se da unha situación de forza maior que impide que a presidenta do tribunal e o seu suplente poidan comparecer o día 13-3-2019.

Resultando que mediante escrito co rexistro de entrada núm.1654/2019, do 11 de marzo, recibíuse por correo postal en formato papel, unha instancia de participación, da cal non se anunciou a súa presentación, e relativa a D<sup>a</sup>. Alba María Álvarez Ferreiro, co DNI núm.33 560 238 H, presentada no Rexistro do Edificio Administrativo de Lugo da Xunta de Galicia o 4-3-2019, polo tanto dentro do prazo de presentación das instancias.

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria aprobadas polo Decreto desta Alcaldía núm. 297/2019, do 19 de febreiro, corrixidas polo Decreto da Alcaldía núm.351/2019, do 26 de febreiro, esta Alcaldía resolve:

1º. Modificar a data prevista de constitución do Tribunal Cualificador, que pasa a ser o vindeiro xoves, día 14 de marzo de 2019, ás 9.00h, no Edificio municipal de usos administrativos situado na Avda. da Mariña, 25.

2º. Modificar a data e lugar da convocatoria para a celebración do primeiro exercicio, que pasa a ser o día 14 de marzo de 2019 ás 12.30h no Salón de Actos da Casa da Cultura municipal "Pintor Lloréns", situada Avda. do Porto s/n-Sada, debendo concorrer as persoas aspirantes previstas do seu DNI e bolígrafo azul.

3º. Incluír como persoa admitida ao proceso a D<sup>a</sup>. Alba María Álvarez Ferreiro, co DNI núm. 33 560 238 H.

4º. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios, na web e na sede electrónica municipal. Sen prexuízo, de comunicala individualmente ás persoas aspirantes.-